



## RESOLUCIÓN

**Asunto:** *Solicitud de acceso a información pública*

**Interesado/a:** *Miguel Angel González Delgado*

**Procedimiento:** *PR100A*

Vista a solicitude de acceso á información pública presentada o 6 de novembro de 2018 por Miguel Ángel González Delgado, con DNI núm. \*\*\*\*3124 con domicilio na rúa Juan Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

### FEITOS

PRIMEIRO- O 10 de outubro de 2018, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de recusación da secretaria xeral de Medios en relación coa presentación dunha serie de escritos de Miguel Ángel González Delgado e da entidade PLADESEMPESCA, que posteriormente amplía o día 19 de outubro, a unha serie de pretendidas competencias, funcións e actuacións atribuíbles, a maior parte delas, á Secretaría Xeral de Medios, que se relacionan no Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas polo que se estima a recusación e no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO - O 6 de novembro de 2018, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de solicitude de acceso a información pública.

Vista a solicitude formulada, obsérvase que a primeira parte está relacionada coa ampliación da recusación presentada o 19 de outubro de 2018, na que, se volven a recoller as supostas competencias, funcións e actuacións administrativas atribuídas, a maior parte, á secretaria xeral de medios.

A información solicitada ao abeiro da normativa de transparencia, como no mesmo escrito expresamente se sinala, concéntrase no apartado que o propio interesado delimita como *“interesa obter de conformidade coa normativa de transparencia pública”* e no último punto da primeira parte, na que solicita unha *“lista de todos los expedientes paralizados bajo la presidencia de la Sra María del Mar Sánchez Sierra desde el año 2013 relacionados con las actividades de Miguel Delgado y Pladesemapesga, con copia preferentemente en formato digital o en el modo que mejor se adapte a esa Secretaría de Medios”*

TERCEIRO – Analizada a solicitude de acceso á información pública formulada e visto que a información que solicita entra dentro do ámbito das funcións da Subdirección





Xeral de Xestión e Coordinación de Medios segundo o artigo 3 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, solicitóuselle a información ao dito órgano.

Asemade, en relación coa “lista de expedientes” a que fai referencia no escrito, solicitouse informe á Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios e a Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia.

CUARTO - A Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios remitiu informe o 19 de novembro de 2018 e a Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia o 23 de novembro de 2018.

QUINTO- Tendo en conta que na solicitude de acceso á información pública presentada se demandan contratos de carácter público subscritos con Bap Conde, Adelaida Domínguez Mariño, Grupo Distribuciones Asesor Marketing Publicitario, SL e Xornal Galicia Norte, SL, o 04/12/2018, por aplicación do artigo 27 da Lei 1/2016, trasládaselles esta petición aos efectos de que no prazo de 15 días fagan as alegacións.

SEXTO- A representación legal de Xornal Galicia Norte, SL, Grupo Distribuciones Asesor Marketing Publicitario, SL e Adelaida Domínguez Mariño, transcorrido o prazo outorgado, non presentaron alegacións.

O 27/12/2018, o representante legal de C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, SA (antes Bap Conde) presentou alegacións, nas que se opón a posibilidade de achegar os contratos á persoa solicitante, sobre a base dos seguintes argumentos:

- 1- Que a solicitude realizada por Miguel Ángel Delgado González é repetitiva e abusiva, e cando menos innecesaria, pois estase a solicitar a copia duns documentos cuxo contido con relevancia pública é público e notorio.
- 2- Que os ditos contratos conteñen datos de carácter persoal dos representantes e dos empregados de C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, SA, (antes Bap Conde), polo que a súa revelación vulneraría as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016.
- 3- Que forma parte dos referidos contratos información de carácter confidencial relevante para os seus intereses económicos e comerciais, ademais de que conteñen información relativa a dereitos de propiedade intelectual da súa titularidade e doutras empresas do mesmo grupo empresarial.





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

### SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

### TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *“a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver”*.

Non obstante cómpre ter en conta que o artigo 27.2 apartado segundo da Lei 1/2016 establece que *“o traslado da solicitude á persoa afectada producirá a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.”*

Polo tanto, tendo en conta o prazo previsto para formular alegación, o prazo máximo para resolver o procedemento amplíase ata o 31/12/2018, todo elo sen prexuízo da regulación específica sobre silencio administrativo o que se fai referencia no artigo 27.5 da dita lei.





CUARTO – Vistas as alegacións formuladas por Bap Conde, cómpre ter en conta o seguinte:

Respecto a solicitude de información manifestamente repetitiva alegada por Bap Conde, cómpre ten en conta que a solicitude presentada por Miguel Angel Delgado González non coincide con outras solicitadas de antemán, nin se lle ofreceu antes esta información, nin coinciden con outras solicitudes presentadas cuxa tramitación aínda non finalizara.

Respecto a súa consideración de solicitude de información abusiva, non se aprecia abuso en canto que non supón risco para os dereitos de terceiros, non é contraria as normas, costumes ou boa fe, nin require un tratamento que obriga a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a subministraren a información.

Respecto a súa consideración de solicitude de información innecesaria, o feito de que unha información solicitada por calquera persoa se atope en publicidade activa, non exime da obriga de lle dar unha resposta concreta nos prazos e condicións que sinala a lei.

Respecto aos límites ao dereito de acceso á información impostos pola normativa de protección de datos e polo carácter confidencial da información alegados por Bap Conde, cómpre ter en conta que, se ben se aprecia que a información solicitada contén datos de carácter persoal, estes datos non son datos especialmente protexidos, como tampouco son exclusivamente datos meramente identificativos relacionados coa organización, o funcionamento ou a actividade da entidade. En calquera caso, cómpre efectuar a ponderación prevista no artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, para o caso de que prevaleza a protección dos datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público da divulgación.

En calquera caso, de non caber o outorgamento do acceso á totalidade da información unha vez feitas estas valoracións, concederáselle o acceso parcial previa omisión da información afectada polo límite salvo que delo resulte unha información distorsionada ou que careza de sentido

En consecuencia, a información solicitada sobre Bap Conde non se ve afectada polas limitacións establecidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e considérase axeitado atender á solicitude no que respecta a este extremo.

En calquera caso, con respecto aos contratos suscritos de Bap Conde coa Secretaría Xeral de Medios, estarase ao disposto no artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





SEXTO – Consultados os expedientes que se levan nas tres subdireccións xerais dependentes da Secretaría Xeral de Medios, de acordo coas competencias e funcións atribuídas ás ditas subdireccións no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, nesta Secretaría constan os seguintes expedientes administrativos correspondentes a procedementos administrativos ordenados e instruídos:

- Acceso á información pública presentada o 4 de outubro de 2018, que entrou na Secretaría Xeral de Medios o 5 de outubro, e que deu lugar a un procedemento administrativo resolto o 27 de novembro de 2018.

- Solicitud de recusación da secretaria xeral de Medios de data 10 de outubro de 2018 e escrito de ampliación de data 19 de outubro, que foi resolta por Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas.

- Acceso á información pública presentada o 6 de novembro de 2018, que deu lugar ao presente procedemento.

Vista a solicitude de acceso á información formulada e de conformidade co establecido nos artigo 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de acordo co informado pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios,

## RESOLVO

Conceder a Miguel Ángel González Delgado o acceso á información, nos seguintes termos:

Primeiro- Non consta expediente ningún referido a Miguel Delgado e Pladesemapesca, no marco das competencias atribuídas polo Decreto 76/2017, do 28 de xullo.

Segundo- No Portal de Transparencia da Xunta de Galicia está dispoñible a información relativa a contratación, convenios e axudas.

1. En concreto, en materia de contratación, mediante o acceso ao perfil do contratante da Administración Xeral e do sector público autonómico desde a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, no que constan as correspondentes licitacións, con referencia aos importes e entidades adxudicatarias dos contratos.

Os plans de medios das campañas de comunicación subscritos **mediante contrato** con C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, S.A son os seguintes

a) *contratos derivados de Acordo Marco 2015-2016:*





<b>DESCRICIÓN</b>	<b>PERFIL DO CONTRATANTE</b>
Día de Galicia, 25 xullo	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=23055&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=23055&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>
Día internacional dos animais	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=58954&amp;OR=141&amp;801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=58954&amp;OR=141&amp;801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>
Fomento do consumo do produto galego no Nadal	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=79057&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=79057&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>

**b) contratos derivados de Acordo Marco 2017-2018**

<b>DESCRICIÓN</b>	<b>PERFIL DO CONTRATANTE</b>
Día de Galicia, 25 xullo	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=181777&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=181777&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>
23 de abril, día internacional do libro	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=303695&amp;OR=141&amp;801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=303695&amp;OR=141&amp;801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>
Día de Galicia, 25 xullo	<a href="https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=361844&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl">https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=361844&amp;OR=141&amp;ID=801&amp;S=C&amp;lang=gl</a>

2. A continuación relaciónanse os gastos menores correspondentes a actuacións divulgativas:

**a) Grupo Distribuciones Asesor Marketing Publicitario, SL**

<b>Ano</b>	<b>Importe</b>
2014	400,00
2014	400,00
2015	200,00





2015	600,00
------	--------

*b) Adelaida Domínguez Mariño*

<b>Ano</b>	<b>Importe</b>
2014	400,00
2014	400,00
2014	900,00
2015	200,00
2015	600,00

*c) Xornal Galicia Norte, SL*

<b>Ano</b>	<b>Importe</b>
2014	400,00
2014	400,00
2014	900,00
2015	200,00
2015	600,00

3. En canto aos convenios, están dispoñibles os convenios subscritos pola Secretaría Xeral de Medios, nos termos establecidos pola normativa vixente, incluíndo duración, importes e entidades asinantes.

Non constan convenios asinados con Adelaida Domínguez Mariño, Xornal de Galicia Norte, SL, Grupo Distribucións Asesor Marketing Publicitario, SL ou C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, SA.

4. No referente as axudas está dispoñible aquela información relativa as convocatorias e bases reguladoras de axudas, así como as concesións, con indicación dos beneficiarios e importes.





Esta información pode consultarse, adicionalmente, no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvenciones. En concreto a consulta no DOG dos beneficiarios pode efectuarse nos seguintes enlaces:

DATA	ENLACE
2013	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20131220/AnuncioG0244-101213-0002_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20131220/AnuncioG0244-101213-0002_gl.pdf</a>
2014	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141121/AnuncioG0244-131114-0004_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141121/AnuncioG0244-131114-0004_gl.pdf</a>
2015	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151228/AnuncioG0244-181215-0004_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151228/AnuncioG0244-181215-0004_gl.pdf</a>
2016	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161230/AnuncioG0244-201216-0002_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161230/AnuncioG0244-201216-0002_gl.pdf</a>
2017	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171228/AnuncioG0244-201217-0001_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171228/AnuncioG0244-201217-0001_gl.pdf</a>
2018	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181024/AnuncioG0244-171018-0001_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181024/AnuncioG0244-171018-0001_gl.pdf</a>

5. Os datos subministrados refírense ao período comprendido entre 1.01.2013 e o 31/10/2018.

Terceiro- Non constan nos expedientes auditorías realizadas a Adelaida Domínguez Mariño, Xornal de Galicia Norte, SL, Grupo Distribuciones Asesor Marketing Publicitario, SL ou C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación S.A, tendo en conta que a normativa reguladora destes procedementos non establece a realización de auditorías.

En todo caso, a fiscalización derivada dos expedientes de gasto é competencia da Consellería de Facenda; o control externo corresponde ao Consello de Contas.

Cuarto- A partida orzamentaria que financia as campañas de comunicación é a 04.20.461A.640.0. A Lei de orzamentos de cada ano, aprobada polo parlamento, inclúe esta partida orzamentaria.

Quinto- En relación á identificación do persoal que intervén na xestión dos asuntos que corresponden á Secretaría Xeral de Medios, sen prexuízo da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, no artigo 3 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia,(DOG. núm 152, do 10 de agosto de 2017), aparte de regular as súas funcións, fai mención á estrutura organizativa da Secretaría Xeral de Medios, coas funcións que lle corresponden a cada unidade administrativa. Asemade,







apórtase a relación de postos de traballo deste centro directivo, que son os que se detallan a continuación:

<b>C _ DESTINO</b>	<b>POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770001	SECRETARIO/A DO/A SECRETARIO/A XERAL
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770005	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770007	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770008	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770009	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PX2010000015770113	TITULADO/A GRAO MEDIO
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770001	SUBD.XERAL DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770002	SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000015770018	XEFATURA DE SECCIÓN APOIO TÉCNICO E HABILITACIÓN
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770040	XEFATURA SECCIÓN DE XESTIÓN
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770045	XEFATURA NEGOCIADO I
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770014	XEFATURA SERVIZO ESTUDOS E COORDINACIÓN DE MEDIOS
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770017	XEFATURA UNIDADE DE APOIO
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770020	HABILITADO/A
S.X. DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DE MEDIOS	PX2010000115770024	XEFATURA SERVIZO DE CONTRATACIÓN
S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770001	SUBD. XERAL ENXEÑARÍA E PLANIF.RADIO, TELEV. MULTIMEDIA





S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770002	SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL
S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770005	XEFATURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN
S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770011	XEFATURA NEGOCIADO I
S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770012	XEFATURA NEGOCIADO II
S.X. DE ENXEÑARÍA E PLANIFICACIÓN DE RADIO, TELEVISIÓN E MULTIMEDIA	PX2010000215770016	ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS
S.X. RÉXIME XURÍDICO	PX2010000315770001	SUBD. XERAL DE RÉXIME XURÍDICO
S.X. RÉXIME XURÍDICO	PX2010000315770010	XEFATURA SECCIÓN I
S.X. RÉXIME XURÍDICO	PX2010000115770032	XEFATURA NEGOCIADO I
S.X. RÉXIME XURÍDICO	PX2010000315770020	XEFATURA SECCIÓN II

Sexto - Esta resolución administrativa, que tamén se refire a información que afecta a dereitos e intereses de terceiros que se opuxeron a solicitude de acceso á información, seralle notificada ao interesado e aos terceiros con dereitos e intereses afectados. Tendo en conta que Bap Conde formulou a súa oposición, de conformidade co artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, non pode darse acceso aos contratos no momento da notificación desta resolución, se non ata que transcorra o prazo para interpor o recurso contencioso administrativo, e para o caso de que se interpoña o recurso, ata que fora resolto.

Sétimo – De conformidade co artigo 22.4 da Lei 19/2013, o acceso á información será gratuito. Non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente do orixinal, poderá dar lugar a esixencia de taxas nos termos previstos na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación da Comunidade Autónoma de Galicia.





Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. \*\*\*\*3124, por medio de notificación electrónica elixida como preferente na súa solicitude, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e a Bap Conde, Adelaida Domínguez Mariño, Grupo Distribuciones Asesor Marketing Publicitario, SL e Xornal Galicia Norte, SL, na súa condición de terceiros con dereitos e intereses afectados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

*(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)*

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga



**prensa@xornalgalicia.com**

---

**De:** <nonresponder@xunta.gal>  
**Fecha:** viernes, 28 de diciembre de 2018 9:50  
**Asunto:** Nueva notificación en Notifica.gal: Notificación resolución

Estimado/a **MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ**.

Le informamos que tiene una notificación a su disposición en el Sistema de Notificaciones de Galicia, <https://notifica.xunta.gal>

**Destinatario/a:** MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ (XXXX3124Y)

**Remitente:** Secretaría Xeral de Medios

**Asunto:** Notificación resolución

**Fecha de puesta a disposición:** 28/12/2018

De acuerdo a lo establecido en el artículo 43.2 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, esta notificación se entenderá practicada en el momento en el que se produzca el acceso a su contenido.

Así mismo, se entenderá rechazada cuando transcurran 10 días naturales desde la puesta a disposición de la notificación sin que se acceda a su contenido.

**Fecha límite para acceder a su contenido:** 08/01/2019 a las 00:00

**Importante:** Para acceder al contenido de la notificación necesita un certificado electrónico asociado al NIF XXXX3124Y. También puede utilizar un usuario Chave365 asociado al NIF XXXX3124Y.

Si accede a Notifica.gal y no encuentra esta notificación compruebe que el certificado o usuario que está utilizando esté asociado al NIF XXXX3124Y.

.....  
*Sistema de Notificaciones de Galicia, Notifica.gal.*

*La información contenida en este mensaje y los posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario/a. Si usted no es el destinatario/a original de este mensaje, por favor, elimínelo.*

*Por favor, no responda a este correo, ya que la dirección desde la que se envió no está habilitada para recibir mensajes.*

¿Necesita ayuda?

¿Más información?

Puede emplear el servicio de información telefónico

Sistema de Notificaciones Electrónicas de Galicia, Notifica.gal



<https://www.xunta.gal/notifica>

De lunes a viernes de 08:00 a 20:00

[012@xunta.gal](mailto:012@xunta.gal)

## ¿Problemas técnicos?

Compruebe que su equipo cumple los [requisitos técnicos](#)

Si ya lo hizo y sus problemas persisten utilice el [soporte técnico de eServizos](#)